No día 12 de decembro reuniuse en Santiago de Compostela un conxunto de persoas pertencentes a diversos colectivos relacionados co mundo da cultura e dos movementos cidadáns que, a título individual, acordou dirixirse á Real Academia Galega para lle manifestar o seguinte:

1) É notorio que desde hai dúas décadas perdura un conflito normativo que dificulta o desenvolvemento social da lingua e da cultura galegas.

2) A proposta de revisión e actualización da vixente norma oficial recentemente presentada á RAG supón un camiño de solución que produciría grandes beneficios nos diversos ámbitos en que desenvolvemos a nosa actividade: ensino, creación literaria, mundo editorial, asociacionismo cultural, artes escénicas e musicais, administración pública, etc.

3) Non nos cabe ningunha dúbida de que todas as persoas que desexamos o mellor para a lingua galega, aínda tendo sensibilidades culturais, sociais ou ideolóxicas diferentes, debemos entendernos á hora de adoptarmos unha norma común para o noso idioma. Neste sentido facemos un chamamento para que se actúe coa máxima responsabilidade co fin de posibilitar puntos de encontro entre todos.

4) Por todo o anterior, entendemos que é necesario que, tras a elección do novo equipo directivo, a RAG procure o camiño para unha solución consensuada ao problema normativo.

Asinan o presente escrito:

- ***Valentín García, Presidente da Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua.***
- Fabiola Sotelo Blanco, Presidenta da Asociación de Editores
- Xosé María Álvarez Cáccamo, Presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega.
- Concha Costas, Presidenta da Mesa pola Normalización Lingüística
- Henrique Monteagudo, Director do Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega.
- Isaac Díaz Pardo, Presidente do Patronato do Museo do Pobo Galego.
- Xosé Manuel Olveira (Pico), Presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena.
- Sebastián Méndez, Presidente da Asociación de Músicos en Lingua Galega.
- Xosé Chao Rego, da Asociación Irimia. Escritor.
- Anxo Louzao, Secretario Xeral da Federación de ensino da CIG.
- Xosé Gabriel Barral, Secretario Xeral da Federación de Ensino de CC.OO.
- Xosé Manuel Pose, Secretario Xeral da Federación de Ensino da UXT.
- Xesús Sanmartín, membro do Secretariado Nacional do STEG.
- Carlos Paulo Martínez Pereiro, Director do Departamento de Lingua Galega da Universidade da Coruña.
- Ramón Mariño, Director de Departamento de Lingua Galega da Universidade de Santiago.

- Henrique Costas, Director do Departamento de Lingua Galega da Universidade de Vigo.
- Xosé Luís Regueira, Secretario do Instituto da Lingua Galega.
- Xoán Costa, Presidente da Asociación Socio-Pedagóxica Galega
- María Dolores Candedo, Presidenta de Nova Escola Galega.
- Oscar González Refoxo, Presidente da Asociación Cultural “O Galo”
- Ernesto González Seoane, Profesor de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago e membro da Comisión que elaborou a proposta de acordo normativo.
- Alberte Ansede, Moderador da Comisión que elaborou a proposta de acordo normativo.
- Daniel López Muñoz, Cordinador da Redacción da revista de creentes galegos "Irimia".
- Xosé Mª Torné, Deseñador gráfico e publicista.